



PLAN DE TRABALO EN LINGUA GALEGA.
1º PRIMARIA. CURSO 2023-2024
PROFESOR/A: EQUIPO DOCENTE DE 1º NIVEL

MATERIAIS:

- Biblioteca de centro e de aula.
- Material gráfico diverso (láminas, debuxos, fotografías, murais...)
- Material manipulativo e material fotocopiado.
- Recursos informáticos (xogos interactivos, vídeos...)
- Caderno “Leo e escribo con estilo en Tarrío”
- Caderno de traballo.

PLAN DE TRABALO:

Os contidos da área de Lingua galega e literatura trabállanse a partir dos materiais indicados, facendo fincapé no inicio e consolidación da lectoescritura que ven a ser o obxectivo fundamental a acadar para este primeira curso de Primaria, ademais de tentar favorecer un maior uso e gusto polo galego e aumentar o vocabulario na nosa lingua. Para acadar todo isto, os bloques de contidos que serán abordados nesta área son os seguintes:

- Bloque 1. As linguas e os seus falantes
- Bloque 2. Comunicación oral
- Bloque 3. Comunicación escrita
- Bloque 4. Alfabetización mediática e informacional
- Bloque 5. Educación literaria
- Bloque 6. Reflexións sobre a lingua e os seus usos no marco de propostas a produción e comprensión de textos orais.

Comezaremos as sesións con traballo oral e fonético. Faremos faladoiros, xogos lingüísticos, traballo de conciencia fonolóxica... Neste apartado hai que ter en conta que, a maioría do alumnado é castelán



falante, polo tanto se tentará motivarlles ao uso do galego a través de cancións de iniciación, rimas ou chistes que lles fagan coller gusto pola nosa lingua e que perdan o medo a expresarse ou a ler en galego. Traballaremos a partir de textos diversos. Moitas veces virán dados polos proxectos nos que esteamos a investigar nas Ciencias. Tamén levaranse a cabo xogos da busca das letras dentro da clase, vídeos sobre elas, cancións... para ir, pouco a pouco, coñecendoas e aproximando ao alumnado á lectoescritura dunha forma máis lúdica.

Tamén teremos traballos de fichas fonéticas que requiríranlles o esforzo de cambiar a maiúscula pola minúscula así como as particularidades da lingua escrita que aínda non teñen aprendido. Un traballo sen presións nin presas.

Todos os días contarán con 20 minutos de lectura diaria PLSS, despois do recreo. Neste tempo teremos tempo a nosa lectura colectiva “o momento do conto” e a lectura individual. Procurarase que a maioría das lecturas sexan en galego, buscando libros adecuados ao respecto tanto na biblioteca do Centro, coma da aula ou mesmo de libros que poidan traer os rapaces da casa.

Remataremos as sesións reflexionando sobre o aprendido .

CONTIDOS POR TRIMESTRE:

Os bloques de contidos desta área, citados no apartado anterior, son globaise trabállanse de xeito gradual nos tres trimestres, podendo haber variacións en función do ritmo e necesidades do alumnado.

1º TRIMESTRE	2º TRIMESTRE	3º TRIMESTRE
<ul style="list-style-type: none"> • Valoración da diversidade lingüística na súa contorna. • Expresións orais e participación en conversas. • Ampliar paulatinamente o vocabulario básico. • Inicio no funcionamento da biblioteca da aula. • Textos: contos, listas... 	<ul style="list-style-type: none"> • Textos orais: mensaxes implícitos e explícitos. • Participar en interaccións orais. • Lectura en voz alta: textos moi sinxelos. • Textos: poemas, contos, relatos, fábulas, lendas... • Ampliar paulatinamente o vocabulario básico partindo de centros de interese. 	<ul style="list-style-type: none"> • Textos escritos: creación e reprodución. • Textos orais: ideas principais e contidos. • Lectura en voz alta: entoación correcta. • Ortografía básica: punto e maiúscula.
CONTIDOS COMÚNS AOS TRES TRIMESTRES		



Adquisición progresiva da lectoescritura.

Vocabulario básico e regras de ortografía.

Estratexias básicas para a comprensión ou produción de textos sinxelos.

Uso da linguaxe non discriminatoria.

AVALIACIÓN:

Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos das áreas e da etapa na avaliación das áreas serán os criterios de avaliación. A avaliación será global, continua e formativa.

Os resultados da avaliación expresaranse nos termos de IN (insuficiente), SUF (suficiente), BE (ben), NT (notable) e SB (sobresánte). A estes termos achegaráselles con carácter informativo, unha cualificación numérica, nunha escala de 1 ao 10.

BLOQUES DE CONTIDO	INSTRUMENTOS AVALIACIÓN
1. A lingua e os seus falantes.	<ul style="list-style-type: none">• Escala de observación.• Rexistro anecdótico.• Traballo cotiá.• Intercambios orais.• Producións escritas
2. Comunicación oral	<ul style="list-style-type: none">• Escala de observación.• Rexistro anecdótico.• Traballo cotiá.• Intercambios orais.• Producións escritas
3. Comunicación escrita	<ul style="list-style-type: none">• Escala de observación.• Rexistro anecdótico.



	<ul style="list-style-type: none">• Traballo cotiá.• Intercambios orais.• Producións escritas
4. Alfabetización mediática e informacional	<ul style="list-style-type: none">• Escala de observación.• Rexistro anecdótico.• Traballo cotiá.• Intercambios orais.• Producións escritas
5. Educación literaria	<ul style="list-style-type: none">• Escala de observación.• Rexistro anecdótico.• Traballo cotiá.• Intercambios orais.• Producións escritas
6. Reflexión sobre a lingua e os seus usos no marco de produción e comprensión de textos orais, escritos ou multimodais.	<ul style="list-style-type: none">• Escala de observación.• Rexistro anecdótico.• Traballo cotiá.• Intercambios orais.• Producións escritas